

INSTRUCCIONES PARA AO DESENVOLVEMENTO DA PROBA

Para o desenvolvemento do exame de Química permitirase o uso de calculadora científica (non programable, sen pantalla gráfica e sen capacidade para almacenar, transmitir ou recibir datos).

Ademais xunto co exame proporcionarase táboa periódica, onde aparecen os símbolos, números atómicos e masas atómicas dos elementos. Para a formulación e nomenclatura dos compostos seguiranse os mesmos criterios de anos anteriores relacionados nas indicacións sobre a formulación que figuran na páxina web da CiUG.

CRITERIOS XERAIS DE CORRECCIÓN DO EXAME DE QUÍMICA

- As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta. **Todas as cuestións teóricas deberán ser razoadas e o non facelo conlevará unha puntuación de cero no apartado correspondente.**
- Terase en conta a **claridade da exposición dos conceptos**, procesos, os pasos a seguir, as hipóteses, a orde lóxica e a utilización adecuada da linguaxe química.
- Os **erros graves de concepto** conlevarán a anular o apartado correspondente.
- Os **parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior** calificaránse independentemente do resultado do devandito apartado, **coa excepción de que estén baseados nun erro grave de concepto.**
- Un **resultado erróneo** pero cun razoamento correcto valorarase.
- Unha **formulación incorrecta ou a igualación incorrecta dunha ecuación química** puntuará como máximo o 25% da nota do apartado.
- Nun problema numérico **a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación** pode ser valorado cun 0, se o corrector non é capaz de ver de onde saíu dito resultado.
- **Os erros nas unidades ou ben o non poñelas** descontarán un 25% da nota do apartado.
- **Un erro no cálculo considerase leve** e descontarase o 25% da nota do apartado, **agás que os resultados carezan de lóxica algunha** e o alumno non faga unha discusión acerca da falsidade de dito resultado.